

BOLSAS E PRÁCTICAS:

-Calendario 2025 de prácticas nas institucións da Unión Europea

Estás pensando en desenvolver a túa carreira profesional na UE? Xa podes consultar o calendario coas previsións dos períodos de prácticas nas institucións da Unión Europea durante 2025. Ademais, na nosa web fixémosche un resumo de fontes de información ás que acudir, boletíns e guías informativas para que non che falte detalle. Accede a todo [aquí](#).

-Próximos procesos de selección da EPSO

A Oficina Europea de Selección de Persoal anuncia que o 15 de xaneiro de 2025 ten previsto convocar oposicións para administradores/as no eido da fiscalidade (grado AD6). A oposición abarcará dous ámbitos e as persoas interesadas só poderán presentar candidatura para un deles: fiscalidade indirecta e lexislación fiscal, e fiscalidade directa e lexislación fiscal. Consulta máis información [aquí](#).

-Prácticas no Banco Central Europeo - varios prazos

O Banco Central Europeo ten abertas convocatorias de prácticas remuneradas para distintos departamentos na súa sede de Frankfurt: [Política macroprudencial e estabilidade financeira](#) (ata o 8 de xaneiro), [Investigación en política monetaria](#) (ata o 13 de xaneiro), [Prezos e custos](#) (ata o 13 de xaneiro), [Sistemas da información](#) (ata o 24 de xaneiro).

-Prácticas no Centro de Satélites da Unión Europea - ata o 16 de xaneiro

O Centro de Satélites da Unión Europea (SatCen), con sede en Torrejón de Ardoz (Madrid), ofrece prácticas remuneradas de 6 meses renovables para varios perfís: [tecnoloxías da información](#), [intelixencia artificial e machine learning](#), [control de calidade](#), [servizos legais](#), [tecnoloxía de fontes abertas](#), [análise de imaxe](#).

Consulta todas as bolsas e prácticas abertas na páxina: <https://europedirect.dacoruna.gal/becas/>

VOLUNTARIADO:

-Oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade - consúltaas todas [aquí](#)

-Voluntariado IVY en Porto - Espazo Atlántico

A secretaría común de Interreg Espazo Atlántico está buscando unha persoa voluntaria IVY (Interreg Volunteer Youth) para dar soporte en tarefas de comunicación ao programa "Espazo Atlántico", en favor da integración do desenvolvemento económico sustentable. O posto localízase en Porto e contempla unha duración de 6 meses desde xaneiro de 2025. Consulta os detalles e insíbete [aquí](#).

Consulta outras oportunidades de voluntariado na páxina: <https://europedirect.dacoruna.gal/voluntariado-europeo/>

OUTRAS OPORTUNIDADES:

-Prazas para auxiliares de conversa españois no estranxeiro para o curso académico 2025-2026 - ata o 8 de xaneiro de 2025

O Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes convoca arredor de 900 prazas para auxiliares de conversa no estranxeiro, nas que poden participar estudantes con titulación universitaria ou que estean no último curso universitario en 2024-2025. [Aquí](#) podes ver a convocatoria e [aquí](#), toda a información necesaria para presentar solicitude.

-Convocatoria de becas 2025-2026 da Biblioteca Nacional de España - ata o 9 de xaneiro de 2025

A Biblioteca Nacional de España convoca 42 becas de formación e investigación nas seguintes modalidades: biblioteconomía e documentación (32), restauración e conservación de fondos bibliográficos e documentais (2), deseño gráfico (1), tecnoloxías da información (1) e xestión cultural (6). Podes consultar máis información [aquí](#).

-Becas Vulcanus in Japan 2025-2026 - ata o 20 de xaneiro de 2025

Becas de prácticas en Xapón para estudantes de enxeñería e outros ámbitos científicos. O programa inclúe formación sobre o país, un curso intensivo de xaponés de dous meses e prácticas durante seis meses nunha empresa localizada en Xapón. A duración total será de oito meses, entre agosto de 2025 e marzo de 2026. Mira os requisitos [aquí](#).

